



<http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos>  
<http://www.edu.xunta.es/fp/programas-europeos>

21 de Decembro, 2015

## CONVOCATORIA ERASMUS+ 2016

Con data vinte de outubro de 2015 o Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) publicou a nova convocatoria Erasmus+ 2016, e con data 22 de outubro unha corrección de erros da dita convocatoria.

Compre destacar as seguintes datas para a solicitude de proxectos:

**KA1 Mobilidade no Ámbito da Educación e a Formación** 2 de febreiro de 2016 (12.00 horas)

**KA2 Asociacións Estratéxicas** no Ámbito da Educación, a Formación e Xuventude 31 de marzo de 2016 (12.00 horas)

Acceso á **convocatoria e Guía Erasmus+ 2016**:

<http://www.sepie.es/convocatoria/index.html>

[http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/discover/guide/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/discover/guide/index_en.htm)

O 15/12/2015 fixéronse as seguintes modificacións na Guía que se poden consultar en:

[http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/201512-corrigendum\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/201512-corrigendum_en.pdf)

Nestes espazos atopará a **guía actualizada 2016** en castelá, coas instrucións comúns ao programa completo. Lembre que en caso de disparidade terá preferencia a información da guía en lingua inglesa.

## Principais novidades de ERASMUS + 2016

- Novas oportunidades en mobilidades de Formación Profesional de grao medio. Os centros poden solicitar proxectos con ou sen a Carta de Mobilidade Erasmus+ de Formación Profesional.



- Maior definición nas Asociacións Estratéxicas cunha clara distinción entre proxectos de innovación e proxectos de apoio ás boas prácticas.
  - Revisión do formato de Alianzas para o Coñecemento.
  - Novas oportunidades no deporte: pequenas asociacións de colaboración.
- Na guía ponse especial énfase na promoción de proxectos que apoiem a inclusión social, especialmente de emigrantes e refuxiados así como aqueles de prevención da radicalización.

### **Presentacións do programa Erasmus+ Convocatoria 2015-16**

O CAFI celebrou o 17 de outubro de 2015 unhas Xornadas de Programas Europeos co obxecto de difundir as principais posibilidades do programa Erasmus+. Beatriz Tourón Torrado, do SEPIE, foi a encargada de informar das novidades da convocatoria Erasmus+ 2015-16.

No seguinte enderezo pode atopar esta presentación.

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/scq\\_17oct15\\_btt.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/scq_17oct15_btt.pdf)

Co mesmo motivo, celebrouse unha reunión informativa na que se afondou nos procedementos de solicitude de novos proxectos educativos de KA1 e KA2, que tivo lugar o pasado 11 de decembro en Santiago de Compostela.

Poden atopar as presentacións na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.es/portal/programaseuropeos>

No caso de calquera dúbida posterior na presentación de proxectos, poden contactar con:

[programas.europeos@edu.xunta.es](mailto:programas.europeos@edu.xunta.es) e [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) (sector de FP, Ciclos Medios).

### **CONVOCATORIA ERASMUS+ Acción KA3**

O 15 de decembro publicouse a convocatoria que ten por obxectivo o estudo, análise e reformas das políticas educativas europeas.

Dita convocatoria rematará o 14/04/2016 as 12:00 horas de Bruxelas e pode consultarse en:

[https://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/funding/key-action-3-initiatives-for-policy-innovation-european-policy-experimentation-eacea-342015\\_en](https://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/funding/key-action-3-initiatives-for-policy-innovation-european-policy-experimentation-eacea-342015_en)

### **PROXECTO EUROPEO GALEGO DESTACADO**

[http://users.sch.gr/Vigklas/2012\\_2014/index.html](http://users.sch.gr/Vigklas/2012_2014/index.html)

A Comisión Europea comunicou recentemente ao centro IES Campo de San Alberto de Noia (Coruña) que o seu proxecto, do último programa PAP “*Once upon a Time in Europe*”, dirixido á educación de adultos foi seleccionado como proxecto de éxito. Isto supón que o dito proxecto será sinalado en todas as



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Erasmus+

plataformas, webs e redes da Comisión Europea, e terase en conta na preparación de conferencias ou eventos de índole educativo. Destácase a calidade extraordinaria do proxecto.



Premio Europeo  
Carlomagno  
de la Juventud

[http://www.europarl.es/es/juventud/carlomagno\\_2016.html](http://www.europarl.es/es/juventud/carlomagno_2016.html)

### **Premio Europeo Carlomagno da Xuventude 2016**

Está aberta a convocatoria do Premio Europeo Carlomagno da Xuventude para o próximo ano 2016. Este premio, que está xa na súa novena edición, concédese á xoves que teñan desenvolvido proxectos que fomentan o entendemento entre os cidadáns dos distintos países europeos. O prazo de presentación é o **25 de xaneiro de 2016**.

O Premio Europeo Carlomagno da Xuventude o organizan conxuntamente o Parlamento Europeo e a Fundación Premio Internacional Carlomagno de Aquisgrán concédese anualmente a proxectos realizados por xoves de 16-30 anos.

Os proxectos galardoados deben servir de modelo aos xoves que viven en Europa e ofrecer exemplos prácticos de europeos que conviven como unha soa comunidade.

---

## **ENDEREZOS DE INTERESE**

**SEPIE.** Servizo Español para a Internacionalización da Educación (Antigo OAPEE). Nova páxina desde o 16 de xuño 2015.

<http://www.sepie.es>

**EACEA. Erasmus +**

[http://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/funding\\_en](http://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/funding_en)

**Portal da UE para centros educativos:** busca de socios, cursos e información.

[www.schooleducationgateway.eu](http://www.schooleducationgateway.eu)

**eTwinning** boletín informativo

[www.etwinning.net/es](http://www.etwinning.net/es)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Erasmus+

<http://www.etwinning.net/es/pub/news/newsletter.htm>

**Centro Europeo de Linguas Modernas de Graz** e boletín informativo  
<http://www.ecml.at/>

**Información práctica da Unión Europea**  
[http://europa.eu/index\\_es.htm](http://europa.eu/index_es.htm)

**Representación en España da Unión Europea**  
[http://ec.europa.eu/spain/sobre-la-ue/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/spain/sobre-la-ue/index_es.htm)

**Plataforma de diseminación de proxectos Erasmus+**  
<http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/projects/>



**European Centre for Modern Languages**  
*Centre européen pour les langues vivantes*  
*Foropiscentur Foronidspachonestrant*



**sepie**  
SERVICIO ESPAÑOL PARA LA  
INTERNACIONALIZACIÓN DE LA EDUCACIÓN

